

## Bos días veciñas e veciños de Viana

Primeiramente gustaríame, no meu propio nome e no nome das compañeiras e compañeiros que saímos elixidos na candidatura do Bloque Nacionalista Galego, dar as grazas a todas as persoas veciñas e veciños de Viana que confiaron en nos e nos deron este importantísimo apoio.

Tamén quero agradecer ao resto das veciñas e veciños a súa participación nas eleccións. Unhas eleccións que significan o trunfo da democracia e marcan a soberanía popular e o mandato do Pobo de Viana do Bolo.

Fai agora catro anos entrei neste salón de plenos coa ilusión de ser alcalde de todas as veciñas e veciños de ser o alcalde de Viana. Entrei e entramos coa ilusión de pornos a traballar na resolución dos inxentes problemas que tiña o noso concello. Entrei neste salón de plenos, nesta casa do concello, a casa de todas as vianesas e vianeses e saín sendo o alcalde de Viana do Bolo.

Esa confianza que me deron, que nos deron as veciñas e veciños e no seu nome os representantes políticos fíxome e fíxonos sentirnos moi orgullosos do traballo feito e tamén nos aguillou a traballar moito mais. A honra de ser o máximo representante deste maravilloso pobo foi moita e nunca a esqueceréi, dende logo quedará gravada para sempre na miña cabeza e no meu corazón.

Foron anos complexos. Pero tamén ilusionantes, foron anos de moito traballo pero de moitas alegrías. Foron anos nos que puidemos resolver deficiencias que levaban aí moito tempo.

Foron tamén anos duros no persoal. Neste punto gustaríame recoñecer agradecer e nomear a Monica. A compañeira infatigábel, forte e valente.

Por suposto, agradecer o grado de implicación, de traballo e dedicación das compañeiras e compañeiros do goberno

Xose Antonio. Tenente alcalde e concelleiro de obras.

Graciela. A responsábel da actividade cultural, do ocio e das actividades lúdicas e festivas

Manu. Que levou os servizos sociais nestes catro anos.

Susana que sacou tempo para dedicar ao goberno municipal e a ser a portavoz do BNG nesta corporación.

Santiago. Concelleiro do PSOE que nos acompañou nos últimos tempos no goberno.

A todos eles o agradecemento polos catro anos dedicados a Viana do Bolo

Foron anos nos que puidemos facer política cultural, mellorar infraestruturas, locais sociais, de multiplicar por catro as horas de atención as persoas desfavorecidas, de facer políticas a favor da muller, das nenas e nenos, de mellorar a oferta de emprego e formación.

Resolvemos problemas e fixemos inversións que se poden apreciar por todos os lugares e pobos de Viana do Bolo. Dende a capitalidade municipal a Pradorramisquedo dende Viana a Vilarmeao, dende Vilaseco da Serra a Ramilo, dende A Bouza a Covelo. Fixemos unha actuación política dirixida a xente, as veciñas e veciños de Viana.

Tamén foron anos nos que fixemos actuacións que non quedan visíbeis fisicamente, pero que non son menos importantes.

Unha actuación política, na que a casa do concello, a casa de toda a veciñanza estivo aberta, que o alcalde foi de todos, que recibiu a todos e que calquera puido falar con el. Este alcalde e o grupo de goberno estivo sempre a disposición das veciñas e veciños.

Actuacións que foron encamiñadas a igualdade de oportunidades, a democracia, a transparencia, a participación cidadá; pero tamén na erradicación de inxustizas, na busca do desenvolvemento local, da creación de emprego ...

Esta confianza foi moita e foi un mandato para traballar en aras da igualdade de oportunidades, do progreso económico, social e cultural de Viana do Bolo e das súas xentes.

De todos xeitos e como en calquera faceta humana seguro que tivemos erros. Que non demos coa tecla para resolver problemas. Outros que non puidemos subsanar neste curto período de catro anos.

Os catro anos pasaron e chegou o momento de renovar a corporación municipal e por suposto o máximo cargo, o alcalde presidente de Viana do Bolo

Os resultados, saídos das furnas o 26 de maio, situaron ao Bloque Nacionalista Galego con catro concelleiras e concelleiros. Este apoio de Viana non pode facernos esquecer que as outras forzas políticas nomeadamente PP con 4 concelleiros e PSdeG- PSOE 3 concelleiros representan outra parte importantísima da poboación.

Quere dicir isto que o pobo de Viana falou e ditaminou que non debía haber maiorías absolutas.

Neste punto quero agradecer o apoio recibido para a investidura como alcalde, especialmente o apoio do partido socialista.

Grazas por esta confianza!!.

Viana do Bolo, as veciñas e veciños, tamén ordenaron o 26 de maio que debemos entendernos. Ordenaron que tiña que haber un goberno que dialogue e que sexa capaz de acordos entre os grupos políticos que conforman a corporación municipal.

Tamén expresou moi maioritariamente que debemos ter un goberno de esquerdas alternativo ao PP

Para min e para as compañeiras e compañeiros elixidos esta orde de Viana do Bolo non se pode perverter.

En aras desta orde de falar e chegar a acordos o BNG estableceu conversas co PSOE. Conversas para lograr un goberno en común e cumprir os desexos da veciñanza de Viana do Bolo. De momento non foi posíbel formar un goberno en común. Nosoutros estamos dispostos a seguir dialogando co PSOE para chegar a acordos nas cuestións que afectan a toda a poboación, non pechamos a porta ningún; en nos atoparedes sempre as verbas de diálogo.

Por suposto que a nosa oferta de facer un goberno de coalición segue en pe, seguiremos considerando ao PSOE como socio preferente e prioritario.

Ofertamos diálogo nos anos pasados e volvemos a ofertalo agora; e ofertámolo como xeito de traballar todos xuntos para construír un futuro mellor para Viana do Bolo; como xeito de traballar polos proxectos que hai que acometer nesta lexislatura.

Temos que mirar cara o futuro e pensar que a poboación de Viana do Bolo, as veciñas e veciños votaron para que nos entenderamos, para que traballáramos para resolver os seus problemas; eso si sempre respectando a vontade popular.

Pasaron as eleccións e ábrese un período de catro anos, unha nova lexislatura. Dende o cargo de alcalde que acabo de revalidar loitarei e traballarei por e para Viana, a equipa de goberno que se conforme seguirá o camiño marcado nos pasados catro anos. Catro anos de defensa do noso concello e das suas xentes

A responsabilidade é moita, esperamos non defraudarvos!.

Seguiremos aplicando e profundando nas tres premisas fundamentais que rexeron a actuación municipal, a actuación do goberno:

**1ª Xestión municipal caracterizada pola máxima eficacia e rendibilidade dos recursos públicos.**

**2º Desenvolver unha actuación política na que prime a transparencia e a equidade. Todos debemos ter as mesmas oportunidades.**

**3º Defensa dos sectores produtivos e da mellora das infraestruturas viarias, sociais e tecnolóxicas. Fomento do emprego como prioridade esencial**

Para seguir conseguindo ese benestar e mellora das condicións de vida das vianesas e vianeses baseados nesas premisas demandamos o apoio e colaboración dos representantes políticos, das asociacións culturais, das asociacións de veciños, das asociacións deportivas, dos empresarios, dos traballadores, do sector comercial, do agrario, en definitiva de todo o pobo vianés. Todas e todos podemos votar unha man.

As portas do concello seguirán abertas para calquera persoa que queira aportar para mellorar e traer benestar a nosa querida Viana do Bolo.

O traballo será unha vez mais inxente, pero a ilusión é moita.

Gustaríame rematar cunhas verbas que dixen neste salón de plenos fai catro anos concretamente, o día 13 de xuño do 2015

Esta é a casa do Pobo de Viana do Bolo e vos veciñas e veciños tedes as chaves e o poder para abri-la. Nos teremos que coidala e melloralala pero sempre será vosa por que nos estamos aquí de aluguer.

Nas vosas mans sempre estará o futuro.

Viva Galiza!!!

Viva Viana do Bolo!!!

Nada mais e moitas grazas

Viana do Bolo 15 de xuño do 2019

  
Secundino Fernández Fernández

Alcalde de Viana do Bolo